

Forma-Punto-Liña

Forma

Na linguaxe gráfico-plástica, a forma é un elemento vital, ben sexa recoñecible polo receptor por ser a representación máis ou menos fiel de imaxes de uso común ou ben por ser a expresión sensible de formas indefinidas. "**Forma**" é a aparencia externa dun corpo ou elemento.

Forma obxectiva

A forma dos obxectos que nos rodean non varía a non ser que éstos sufran algunha modificación. A forma é "**obxectiva**" e é unha característica propia e independente de todo o que lle rodea. Para un observador, a percepción da forma das cousas depende de múltiples factores, que non son só físicos (condicións de luz, tempo de visión, etc), senón tamén psicolóxicos. A forma é "**interpretada**" polo cerebro de cada persoa engadíndolle as súas propias experiencias sensibles. Dicimos entón que a forma é "**subxectiva**", pois a súa comprensión é distinta en cada suxeito.

Forma subxectiva

A natureza está enchida de formas que nacen pola necesidade de adaptación ó medio no que vive cada especie. O home pode teorizar e investigar con formas diferentes, froito dos seus propios procesos intelectuais, anímicos ou tecnolóxicos.

Forma natural *Forma artificial*

O punto

O punto é a unidade máis simple dos elementos gráficos empregados na comunicación visual. A súa forma natural acostuma a ser circular; é a marca máis pequena que pode percibir o ollo humano. De aí, que digamos del que carece de dimensións.

O punto *como centro* *de atracción visual*

Cando aparece unha marca sobre unha superficie lisa, tomámola inmediatamente como referencia independentemente de que a súa orixe sexa natural ou realizada polo home. Exerce unha enorme atracción sobre o noso ollo. Cando colocamos un punto no espacio-papel, orixinamos unha serie de tensións visuais que producen no espectador diferentes sensacións.

O punto tamén ten **valor expresivo**. Situando un punto

no espaciao, a súa relación é só cos límites dese espaciao. Con todo, se colocamos dous puntos, a relación que se crea é de cada un deses puntos co espaciao. Se o número de puntos é maior, o número de relacións aumenta.

As distintas maneiras en que podemos agrupar os puntos permiten variadas posibilidades expresivas que actúan sobre o espectador.

Cando nunha cadea de puntos a distancia que os separa é moi pequena, o ollo tende a unilos creando un elemento visual diferente, *a liña*. Tamén podemos considerala como a traxectoria que describe un punto en movemento. Carece de grosor e só ten lonxitude.

Como elemento que interven na estrutura do espaciao, a liña resulta imprescindible. As cualidades que ten están relacionadas coa súa *traxectoria* (curvas, rectas, etc); coa súa *posición* respecto a outro elemento estrutural ou ó espaciao (paralelas, perpendiculares, verticais, horizontais, etc) ou co *tipo de trazo* que empreguemos (continuas, finas, etc).

O maior poder expresivo da recta basease nas *variacións de grosor* que pode sufrir ó longo da súa traxectoria. Tamén os *cambios de dirección* e o *tipo de trazo* que empreguemos converten a liña nun dos elementos gráficos de maior poder transmisor.

Pero a liña tamén pode construír *superficies*, pois describe o contorno de obxectos e formas reais ou abstractas que poden ser recoñecidas polo ollo. Pode incluso chegar a definir *volúmenes* sen necesidade de recurrir o apoio doutros elementos gráficos.

Por último, recorda que as letras dos alfabetos son liñas ás que dotamos de significado.

O punto valor expresivo

A liña

A liña elemento estrutural

A liña elemento expresivo

A liña definidora de volúmenes e superficies